



XUNTA
DE GALICIA



PANORAMA DA EDUCACIÓN EN LUGO NO ÁMBITO RURAL




CONTEXTO E METODOLOXÍA



Consideracións básicas

- ✓ Considéranse rurais os centros educativos situados en zonas pouco poboadas (ZPP) de acordo ao IGE.
 - » **Zonas pouco poboadas (áreas rurais) (ZPP):** 50% ou máis da poboación vive en áreas rurais

- ✓ Considéranse urbanos os centros educativos situados en zonas densamente poboadas (ZDP) e zonas intermedias poboadas (ZIP) de acordo ao IGE:
 - » **Zonas densamente poboadas (ciudades) (ZDP):** 50% ou máis da poboación vive en conglomerados de alta densidade
 - » **Zonas intermedias (vilas e arredores) (ZIP):** menos do 50% da poboación vive en áreas rurais e menos do 50 % vive en conglomerados de alta densidade



Consideracións básicas

- ✓ Análise realizada sobre ensinanzas de réxime xeral en centros públicos dependentes da CCEFPU, sobre os datos dos cursos 2020/21 e 2021/22.
- ✓ Fontes de datos: Aplicacións de xestión académica e económica da Consellería (XADE, DRD...), estatísticas do Ministerio de Educación e outras estatísticas Xunta (IGE...)
- ✓ O estudo ten carácter censual polo que foron procesados os datos de máis de 200.000 alumnos/as, o total de alumnado de Galicia en centros públicos matriculados en segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria nos diferentes cursos analizados.
- ✓ Os datos constatan que a educación galega está á cabeza en equidade en España, coa porcentaxe máis alta de alumnado resiliente (aquele que obtén resultados académicos excelentes pese a proceder de contornas desfavorables), o que propicia a igualdade de oportunidades.
- ✓ Somos a comunidade educativa co sistema educativo máis equitativo por diante de todos os países da OCDE, segundo o informe PISA 2015, último que avaliou esta cuestión.



ESTRUTURA EDUCATIVA EN LUGO

Datos xerais Lugo

- ✓ Lugo ten un total de **138 centros educativos** de Educación Infantil, Primaria e ESO, dos que **85 están en contornas rurais**.
- ✓ Dos que **69 imparten educación infantil, 68 educación primaria e 28 ESO**.
- ✓ Dos **22.776 alumnos/as** de EI, EP e ESO na provincia de Lugo **8.938 cursan estudos en zonas rurais: 2.023 en Educación Infantil, 4.316 en Educación Primaria, e 2.599 en ESO**.
- ✓ En contornos urbanos hai **2.586 alumnos/as de Educación Infantil, 6.152 en Educación Primaria e 5.100 en ESO**.

RURAL

2.023
EDUCACIÓN
INFANTIL

4.316
EDUCACIÓN
PRIMARIA

2.599
EDUCACIÓN
SECUNDARIA
OBRIGATORIA

URBANO

2.586
EDUCACIÓN
INFANTIL


6.152
EDUCACIÓN
PRIMARIA

5.100
EDUCACIÓN
SECUNDARIA
OBRIGATORIA


Centros e alumnado en contornas rurais e urbanas

- ✓ Os centros da nosa comunidade están **distribuídos de xeito homoxéneo** no territorio educativo.
- ✓ **6 de cada 10 centros** están situados en contornos rurais en Lugo fronte aos 4 de cada 10 no conxunto de Galicia.
- ✓ **Case 4 de cada 10 alumnos/as** estudan no rural en Lugo, fronte á media de Galicia na que 2 de cada 10 alumnos estudan en contornas rurais.
- ✓ **65 dos 67 concellos da provincia** de Lugo (o 97%) contan con, cando menos, un centro educativo.


● Zona poboación rural ● Zona poboación urbana




DATOS DE CENTROS LUGO



DATOS DE CENTROS GALICIA



DATOS DE ALUMNADO LUGO




DATOS DE ALUMNADO GALICIA

Rateos en escolaridade obrigatoria


- ✓ O rateo de alumnado por profesorado é a división do número de alumnado entre o número total de docentes do centro.
- ✓ Os datos de España do curso 21/22 aínda no están dispoñibles pero no curso 20/21 Galicia tiña un número medio de 8,9 alumnos por docente en centros públicos fronte á media nacional de 10,4. E no curso 19/20, curso anterior á pandemia, Galicia tiña 9,3 alumnos/as por docente en centros públicos fronte aos 11 da media nacional.

2021-2022

RATEO ALUMNADO/PROFESORADO EN GALICIA



RATEO ALUMNADO/PROFESORADO EN LUGO




MELLOR RATEO NO RURAL


Tamaño dos grupos en educación obrigatoria

- ✓ Unha das cuestións máis relevantes cando se aborda a **calidade do sistema educativo**, ademais do rateo, é o tamaño dos grupos. Estes dous termos tenden a ser confundidos con frecuencia.
- ✓ O **tamaño do grupo ou aula é o número de alumnado matriculado nese grupo-clase**. Non debe confundirse co máximo legal. Ese número pode verse diminuído na práctica do día a día pola optatividade, os desdobres que o centro organice nas materias instrumentais, a atención á diversidade fóra da aula, etc.
- ✓ En toda a escolaridade obrigatoria os tamaños medios dos grupos están por debaixo de 20 e son inferiores ou moi inferiores no rural.
- ✓ Non hai diferencias estatisticamente significativas entre a situación global de Galicia e a da provincia de Lugo.

TAMAÑO MEDIO DO GRUPO POR ETAPAS EDUCATIVAS: GALICIA



TAMAÑO MEDIO DO GRUPO POR ETAPAS EDUCATIVAS: LUGO






RECURSOS ECONÓMICOS E EDUCATIVOS

Investimento: global


- ✓ Para poder facer unha comparativa real establécese o gasto por alumno/a, o que permite referenciar todos os centros a un indicador común.
- ✓ A inversión media por alumno/a en contornas rurais en Galicia é de 8.933€ por curso escolar en tanto que en contornas urbanas é de 7.085€. Isto supón unha inversión por alumno/a rural un 26% superior.
- ✓ No que respecta á provincia de Lugo a inversión media por alumno/a en contornas rurais é de 11.050€, en tanto que en urbano é de 7.331€. Isto supón unha inversión por alumno rural en Lugo un 43% superior ao alumnado do contorno urbano nesta provincia.



Investimento: gastos de funcionamento dos centros

- ✓ As barras representan as medias de gastos de funcionamento por alumno/a en contornos urbanos e rurais tanto en Lugo como no conxunto de Galicia. O gasto é apreciablemente maior nos segundos (un 40% superior en ambos casos).

INVERSIÓN MEDIA
EN GASTOS DE
FUNCIONAMENTO
DOS CENTROS
POR CADA
ALUMNO/A




Investimento: transporte

- ✓ O investimento medio por beneficiario de transporte escolar da CCEFPU en contornos rurais no conxunto de Galicia é de 1.294,3€, en tanto que en entornos urbanos ascende a 833,5€, é dicir, é un 55% superior ao correspondente en centros urbanos.

INVESTIMENTO MEDIO POR ALUMNO/A TRANSPORTADO/A EN GALICIA


Transporte escolar dependente da CCEFPU




Non se achegan datos de investimento medio por alumnado lucense en ontornas urbanas por corresponder maioritariamente á área de Mobilidade

Programas educativos


BIBLIOTECAS




PROGRAMAS DE PLURILINGÜISMO




PROXECTA



EDIXGAL



STEM



- ✓ Todos os programas educativos son ofertados en igualdade de condicións aos centros.



RESULTADOS

Resultados




NOTA MEDIA GLOBAL

EDUCACIÓN PRIMARIA

- ✓ No que respecta ás **notas medias** hai unha total equidade entre contornos rurais e urbanos.

EVOLUCIÓN GALICIA: 2008/09, 2019/20, 2020/21, 2021/22




Resultados



NOTA MEDIA GLOBAL

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

EVOLUCIÓN GALICIA: 2008/09, 2019/20, 2020/21, 2021/22




Resultados



NOTA MEDIA GLOBAL: LINGUAS EDUCACIÓN PRIMARIA

A nota media calcúlase coas cualificacións de lingua castelá, lingua galega e 1º lingua estranxeira-inglés

EVOLUCIÓN GALICIA: 2008/09, 2019/20, 2020/21, 2021/22




Resultados



NOTA MEDIA GLOBAL: LINGUAS

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

EVOLUCIÓN GALICIA: 2008/09, 2019/20, 2020/21, 2021/22




Resultados



NOTA MEDIA GLOBAL: MATEMÁTICAS

EDUCACIÓN PRIMARIA

EVOLUCIÓN GALICIA: 2008/09, 2019/20, 2020/21, 2021/22




Resultados



NOTA MEDIA GLOBAL: MATEMÁTICAS EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

EVOLUCIÓN GALICIA: 2008/09, 2019/20, 2020/21, 2021/22





CONCLUSIONES



En resumo

- ✔ **6 de cada 10 centros** están situados en contornos rurais en Lugo fronte a 4 de cada 10 en Galicia.
- ✔ **4 de cada 10 alumnos/as** estudan en centros situados no rural en Lugo fronte a 2 de cada 10 no conxunto de Galicia.
- ✔ O **rateo alumnado/profesorado** en escolaridade obrigatoria, sendo bo en Galicia no seu conxunto, e en Lugo en particular, é mellor no rural.
- ✔ Os **tamaños medios dos grupos** son tamén pequenos en todo o territorio pero especialmente en contornas rurais. Preto do 90% dos centros do rural de Lugo teñen 20 ou menos alumnos/as en cada grupo.
- ✔ A **participación en programas educativos tecnolóxicos e STEM** (EDixgal e outros) é semellante entre contornas rurais e urbanas. En Lugo a participación é significativamente maior nestes programas.
- ✔ A **inversión por alumno/a no rural lucense** é aproximadamente un 40% maior que nas zonas urbanas desta provincia. En Galicia, de media, a inversión no rural é preto do 30% máis que en contornos urbanos.
- ✔ Os **resultados académicos en termos de notas medias na escolaridade obrigatoria** son totalmente semellantes nas diferentes zonas de poboación tanto en Galicia como en Lugo e as pequenas fluctuacións explícanse polos diferentes tamaños de mostra.



XUNTA
DE GALICIA



Sen renunciar á excelencia e destacando en todos os indicadores de logro, o termo que mellor define a educación galega é EQUIDADE



Galicia é un distrito único educativo, coas mesmas oportunidades, servizos, programas e resultados. E cun investimento máis importante no medio rural por razón da dispersión xeográfica



XUNTA
DE GALICIA